



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 2 PRAZAS DE LIMPADORAS DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA O CONCELLO DE TABOADA XORNADA COMPLETA, E CREACIÓN DE BOLSA PARA CUBRIR POSIBLES BAIXAS OU VACACIÓNS. CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA POR OBRA OU SERVIZO.

PRIMEIRO. Normas Xerais

É obxecto das presentes bases a contratación de 2 prazas: 2 LIMPADORAS DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS do Concello de Taboada, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, a través da oferta mediante publicación de anuncio no xornal El Progreso.

Os postos referidos teñen as seguintes funcións: levar a cabo a limpeza de edificios e instalacións municipais, en concreto: Casa do Concello, Colexio, Gardería, Centro Cívico e Polideportivo.

As presentes Bases tamén teñen por obxecto regular o procedemento para a creación dunha Bolsa de Emprego, referida ao persoal necesario para a cobertura, con carácter temporal, dos postos de traballo obxecto da presente convocatoria, para o caso de baixas ou vacacións.

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na "declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2016", (acordo do Pleno Municipal do 22 de decembro de 2015).

A vixencia da Bolsa abarca ata o 31 de decembro de 2017.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do Contrato e salario.

A modalidade do contrato de duración determinada por obra ou servizo a xornada



completa.

A retribución mensual bruta será de 929,86 € brutos en doce pagas.

TERCEIRO. Definición e finalidade da bolsa.

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.

2. A selección de persoal e a Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.

3. A Bolsa estará formada por unha lista, ordenada en función da puntuación obtida no proceso selectivo.

4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.

5. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar "ex profeso" un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbese constituída unha Bolsa de Emprego.

6. As retribucións a percibir serán as mesmas que as establecidas para as prazas obxecto da presente convocatoria.

CUARTO. Condicións de admisión de aspirantes.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de personal.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

d) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

f) Posuír a titulación de graduado escolar ou equivalente.

g) Posuír o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias de solicitude

O Concello de Taboada publicará no xornal El Progreso, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os candidatos para o adecuado desempeño das funcións propias do posto de traballo ofertado. A efectos informativos publicarase na páxina web do Concello: : www.concellotaboada.es

Todos os candidatos que desexen tomar parte do proceso selectivo deberán dirixir as solicitudes ao Sr. Alcalde, e estas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Taboada de luns a Venres en horario de 9.00 a 15.00 horas e o sábado en horario de 10.00 a 13.30 horas, no prazo de **5 días hábiles** (cuxo modelo se xunta no Anexo II) contados dende o día seguinte a aquel no que se publique o anuncio de convocatoria no xornal El Progreso.

Para o suposto de non presentar a instancia de solicitude no Rexistro Xeral da Corporación e optar polos comprendidos no Art. 38.4 ° da Lei 30/1992, os aspirantes deberán enviar copia da solicitude, debidamente rexistrada por fax ao Concello no prazo de presentación de instancias ao fax número: 982.46.50.89.

No caso de presentar a instancia de solicitude entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.



A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases.
- b) Fotocopia de DNI.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso a convocatoria.
- e) Certificado de celta 4, equivalente ou superior.
- f) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- h) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

A compulsa da anterior documentación deberaa facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

SEXTO. Admisión de Aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 1 día, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, cos motivos da exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Taboada e nesta resolución sinalarase **un prazo de 2 días hábiles para emendas**. Finalizado o prazo de emendas a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista de aspirantes con carácter definitivo. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Taboada. Na mesma resolución farase designación nominal do tribunal, así como a citación aos aspirantes para a realización do primeiro exame da oposición, sinalando lugar e hora.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 5 días dende a finalización do



prazo para presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SÉPTIMO. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores serán designados pola Alcaldía e estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais.

Designarase en cada caso un membro titular e outro suplente. Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza convocada.

Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal.

A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria, non obstante, resolverá as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas Bases. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta.

No caso de consideralo necesario o tribunal poderá recadar axuda de asesores técnicos, os cales terán voz pero non voto, limitándose a cumprir a función para a que no



seu caso sexan designados, asesorando ao Tribunal no momento e sobre as cuestións que especificamente este lle expoña.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 28 y 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

OITAVO. Desenrolo do Proceso selectivo.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do concurso-oposición aqueles que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Se en calquera momento do proceso de selección chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na presente convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer a súa exclusión ao Presidente da Corporación, indicando as inexactitudes formuladas polo aspirante na solicitude de admisión a esta oposición libre, aos efectos procedentes.

NOVENO. Sistemas de Selección

O Procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases: CONCURSO e OPOSICIÓN:

FASE DE CONCURSO:

- Ata un máximo de 12 puntos.

A) Méritos computables:

1.- Experiencia Profesional:

- Por cada mes traballado en calquera administración pública en funcións iguais 0,1 puntos por mes traballado.
- Por cada mes traballado en empresas privadas en funcións iguais 0,05 puntos por mes traballado.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

A experiencia laboral acreditarase mediante os **contratos de traballo e o informe de vida laboral** correspondente.

FASE DE OPOSICIÓN

- **Ata un máximo de 28 puntos.**

O **Primeiro exercicio** consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 28 preguntas con catro opcións, sendo correcta unha de elas. Antes do comezo do exercicio o Tribunal comunicará aos aspirantes se descontan as preguntas contestadas mal ou en branco. O prazo de realización do exercicio será de 45 minutos. As preguntas terán relación co temario que se expón no Anexo I.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio, cunha cualificación como máximo de 28 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 14 puntos para superar o mesmo. Sendo eliminados os aspirantes que non alcancen esa puntuación mínima.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

DÉCIMO. Calificación



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

A calificación final será a suma dos puntos obtidos no concurso de méritos e no exercicio primeiro. No caso de empate dirimirase da seguinte forma:

- Entrevista persoal curricular.

De persistir o empate dirimirase da seguinte forma:

Primeiro por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no primeiro exercicio.

Segundo por aquel aspirante que obtivera maior puntuación no concurso de méritos.

No caso de persistir o empate, farase sorteo público en presenza dos aspirantes.

Unha vez adxudicadas as dúas prazas obxecto da presente convocatoria, a Bolsa de Emprego elaborárase por orde de puntuación atendendo de maior a menor puntuación.

UNDÉCIMO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orden de puntuación obtida no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Taboada, precisándose que o número de aprobados non poderá ser superior ao número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ao Presidente de da Corporación para que proceda ao nomeamento do candidato proposto e a formalización do correspondente contrato.

Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais dende que se publique no taboleiro de edictos do concello de Taboada, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se puidese deducir que carecen de algún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación. Neste caso pasarase ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación.

DÉCIMOSEGUNDO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía, previo



ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web del Concello de Taboada (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

En Taboada a 21 de xaneiro de 2016.

O Alcalde,

Ramiro Moure Ansoar

ANEXO I

Temario.

- Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.- Funciones da limpadora nos edificios municipais.
- Tema 4.- Materiais e artigos de limpeza máis usuais. Formas de limpeza segundo o tipo de material a limpar.
- Tema 5.- Dependencias Municipais que deban ser atendidas actualmente polas limpadoras. Características específicas do traballo segundo o centro.
- Tema 6.- Organización das tarefas de limpeza.
- Tema 7.- Condiciones mínimas de seguridade nos lugares de traballo.
- Tema 8.- A limpeza integral dos centros de traballo.

ANEXO II



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

CONCELLO DE TABOADA

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN:
- RÉGIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓ:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO: que sendo coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de auxiliar administrativo por:

- Publicación no xornal El Progreso, páxina web ou taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de oposición libre para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

Taboada, de de 2016.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TABOADA

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione será n tratados polo Concello de Taboada coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a Concello de Taboada, Praza do Xeneral Muínelo s/n 27550 Taboada Lugo

